

Temos un posible novo socio no club. Aleluia. Para el, que ten que facer o seu pombal, vai esta tradución dun texto excelente: **“Numerosos campións opinan que non pode haber éxito sen posuír un bo pombal”**

*De: Les champions révèlent ce qu’ils n’ont jamais raconté avant!*  
Victor Vansalen. Antwert, 1995.

## **Situación**

Querería, antes de nada, chamar a atención do lector sobre o feito de que teño visitado numerosos campións, no curso dos últimos 30 anos, sobre todo na Bélxica, pero tamén en Holanda, Alemaña e Francia.

A causa da súa situación xeográfica, estes países da Europa occidental teñen un punto en común: o vento sópralles, na maior parte do tempo, do oeste e do suroeste, ás veces con chuvia e cairos. Esa é a razón pola que moitos columbófilos consideran a orientación do pombal cara o sueste como a ideal, e ao leste como segunda opción.

A orientación ao leste ten vantaxes e inconvenientes. Numerosos campións son da opinión que o sol da mañán é moi importante porque quenta o pombal a unha boa hora. A orientación ao leste responde a este criterio. Pero, despois de aproximadamente un par de horas, o sol vaise atopar xa nunha posición máis ou menos ao sueste. Os xogadores de velocidade e mediodondo láianse dunha baixada de forma en abril e maio, cando as noites son frías e a temperatura durante o día é demasiado baixa.

## **Clima do pombal**

Os criterios son diferentes para o xogador de fondo. En efecto, a maior parte dos concursos teñen lugar en xullo e incluso a principios de agosto (pensar no Perpiñán internacional) e as pombas de fondo teñen tempo, logo, de poñerse progresivamente en forma.

Roger Vereecke, alcuñado coma “o campión da milla de ouro courtraisino”, díxome un día que tivera considerables éxitos cas pombas de fondo que aloxaba nun pombal orientado cara ao norte. Para os que teñen gusto polos detalles, o termo “milla de ouro” foi utilizada por primeira vez por un cronista columbófilo inglés, Ferguson Wilson, cando comparou a zona de Marbella, na costa do sol, chamada “milla de ouro da xente rica” coa rexión courtraisina, prolífica en material de fondo e gran fondo.

Durante unha visita en 1987 á casa de Noël Scheemaecker, este famoso columbicultor confioume que non estaba totalmente satisfeito da situación do seu pombal. *“Demasiado entre árbores”*, dixo. Non só dan moita sombra, é que producen tamén un grao de humidade demasiado elevado. A solución viña a ser moi simple, talar algúns para clarear os arredores do pombal, pero iso non era posible sen o permiso das autoridades responsables.

Dun xeito xeral, pódese concluír que resulta desexable que o sol poda alcanzar sen obstáculos a parte frontal do pombal.

Louis Van der Wielen, de Boortmeerbeek, alcuñado “o emperador de Brabant” porque ganara 3 veces consecutivas o campionato xeral da nosa provincia central, posúe uns pombais orientados ao sueste e outros cara ao nordés. Hai unha fileira de olmos aproximadamente a uns 30 metros. Van der Wielen non tiña instalado calefacción no chan, pero utiliza calefactores de placa para mellorar o clima do pombal. Constatou que os viuvos aloxados no pombal que dan ao sueste teñen unha plumaxe moito máis fina e sedosa durante os meses de abril e maio. Decatouse que esta diferenza desaparecía progresivamente cara ao final do mes de maio, en canto a temperatura tornábase máis suave. Esta condición superior e pasaxeira, depende, efectivamente, do clima do pombal. Está determinada pola luminosidade, a calor, a ventilación, pero tamén pola humidade relativa. Hei de volver con máis detalle a este punto tan importante.

Un caso tremendamente interesante que ilustra a importancia dun acondicionamento axeitado do pombal é o do gran campión valón Marc Roossens, de Leernes (Fontaine-l'Évêque). Antes de construír os seus magníficos pombais en 1981, tiña unhas instalacións pequenas que en caso de grandes calores dábanlle bastantes problemas. Foi quen de amañalo instalando buracos de ventilación nas paredes, mellorando deste xeito a circulación do aire.

Marc confioume: *“Cando construín os meus novos pombais, acordeime destes inconvenientes e proporcionei, de entrada, un inmenso volume. As pombas non tiñan enriba máis que unha malla e podían entón aproveitarse dunha gran reserva de aire. En 1982, os meus atletas alados defendéronse ben. Ganaron incluso o campionato oficial da Bélxica (RFCB). Pero ao ano seguinte había algo que fallaba. A condición das pombas non era boa e, para colmo, perdín dous excelentes voadores desde Brive e desde Pau, jos mesmos cos que ganara o campionato o ano anterior!. O veterinario non me descubriu ningunha enfermidade. As miñas pombas estaban separadas por unhas paredes de malla e, a pesar diso, había un que funcionaba mellor que os outros. Eu puxera pura e accidentalmente unhas placas “gyproc” sobre a malla, por riba dos niños. Isto debeu de ter un efecto beneficioso para as pombas porque o aire frío non lles caía directamente enriba delas. En consecuencia, beneficiábanse dun microclima, no interior do meu gran pombal, que parecía darlle un certo beneficio.*

*O periodista deportivo Robert de Smet, moi coñecido, propúxome que o seu vello e bo amigo Gust Ducheyne, botara unha ollada. Polo que me contou, Gust tíñase ocupado antes da construción de pombais. Como hai máis sentido en tres cabezas que en unha soa, aceptei a proposición. A opinión do especialista anversés era relativamente simple. Segundo el, eu tiña que seguir o principio de “facer un pombal dentro de outro pombal”. En outras palabras, debía prover pequenos pombais dentro do gran volume dispoñible e iso, sobre todo, para protexer ás miñas pombas do frío que lles viña do alto. Por outra banda, non lle gustaban os buracos de aireación que eu colocara a ras do chan. A corrente de aire provocada era francamente mala, afirmaba con convicción. Era preciso remedialo protexendo os buracos con placas oblicuas que forzasen ao aire a entrar máis suavemente.*

*Eu tamén puxen unha prancha de “argex” (illante) no chan, e logo boteille palla para crear un medio ambiente máis agradable.*

*O conxunto das medidas tomadas foron unha boa solución porque a condición das pombas mellorou progresivamente o que reflectiu tamén na plumaxe, que tornou máis doce e sedosa”*

Esa é a opinión interesantísima e do máis instrutiva dun gran campión do sur do país.

### **Temperatura ideal do pombal.**

É importante un rápido quecemento matinal do pombal. Moitos campións puideron constatar a súa influencia favorable para acadar a forma dos seus favoritos. É evidente que o sol é unha fonte de calor excelente. Nembargante, hai días onde o sol case que non se mostra, como aconteceu ao principio da temporada 1991. Daquela, algúns columbófilos tiveron serios problemas para acadala forma. Os columbófilos precavidos tratan de remediar esta situación colocando unha fonte de calor artificial. O trío Van Hove-Uytterhoeven “bombardearon” a Unión de Anvers ao comezo da temporada 1991 utilizando unha especie de calefacción eléctrica (uns tubos baixo os niños dos viuvos) unicamente co obxectivo de mellorar o clima do pombal. Os seus encarnizados adversarios directos, o famoso trío Jef, Luc e Nadia Houben de Itegem, tamén tiveron un inicio de temporada excelente. Este outro trío conseguiu facer durar o éxito gañando entre outros o primeiro premio nacional de Bourges en Maio (7.848 yearlings). Houben utiliza, como Gommaire Verbruggen, unha calefacción de chan radiante. Este sistema ten un montón de efectos beneficiosos: unha temperatura lixeiramente aumentada, un grado de humidade algo máis baixo e unha mellor ventilación provocada pola diferenza de temperatura do aire do pombal respecto ao exterior. Volverei en detalle sobre a importancia do grado de humidade, pero antes quero facer unha pregunta: ¿coñecen, aproximadamente, cal é a temperatura ideal dun pombal de concurso? Lémbrolles que a temperatura corporal dunha pomba é de uns 4°C máis elevado que a dos humanos. Durante a noite descende uns 2 °C. As pombas dispoñen dun metabolismo máis activo que o dos homes. Parece ser que o campión neste senso é o avión, cunha temperatura de arredor dos 45 °C.

Para estar en bo estado de saúde, as pombas non necesitan unha temperatura ambiente óptima. Adáptanse facilmente ao frío e ao calor. Pero é evidente que existe unha diferenza entre boa saúde e unha excelente condición que lle permita facer proezas nos concursos. As pombas conseguen máis facilmente a forma ideal se a temperatura do pombal é óptima. Esta temperatura óptima ten como consecuencia que a pomba non ten que usar enerxía para defenderse do frío ou da calor. En consecuencia, pode utilizar todos os seus recursos enerxéticos para alcanzar unha condición superior. Isto, naturalmente, no marco dun conxunto de factores bastante complexos. Ata o de agora, aínda non revelei a temperatura ideal. Si se contrastan varias fontes científicas, esta temperatura debe situarse sobre os 25 °C, máis ben para arriba que para abaixo.

O veterinario especialista en pombas Dr.J.P.Stoskopf, autor do interesante libro “Rendiment du Pigeon” cita 25 °C (artigo publicado no Pigeons Rit, 1991). O doutor J.T. Lumeij (Facultade de Veterinaria da Universidade de Utrecht) describe esa temperatura coma o punto térmico neutro da pomba mensaxeira (Memorandum Vétérinaire, 1988), e esta autoridade holandesa declara que esta temperatura sitúase entre os 25 e os 30 °C.

Os campións que logran defenderse ben nas distintas condicións atmosféricas son aqueles columbófilos que manexan con habilidade as variables calor e ventilación. Cando a temperatura exterior supera os 25 °C é o momento de pensar en argallar unha ventilación suplementaria. Chega as veces con abrir un ventanuco ou cambiar a inclinación das lamas das fiestras. Ventilar ben pero, e isto é moi importante, sen crear correntes demasiado considerables de aire. Existe un sistema de ventilación artificial forzada que vin na Alemaña e Holanda. Volverei a isto en detalle.

Non hai dúbidas, en troques, de que o sistema de ventilación natural aporta sempre satisfacción total, sempre que o columbófilo teña a suficiente habilidade como para adaptarse ás condicións atmosféricas. Isto xa foi probado largamente polas prestacións dos mellores pombais belgas.

Para conseguir unha boa climatización do pombal, o columbófilo dispón de variados recursos, por exemplo, unhas lamas de inclinación variable nas fiestras, unhas tellas non cementadas, chamadas en Flandres “tellas de Boom” e que son moi requiridas (por exemplo, no pombal de Gommaire Verbruggen, en Montaigu), as tellas fondas ¿?, un bo illamento construíndo, por exemplo, unha dobre parede, as medidas destinadas a captar os raios solares de mañán cedo, tan pronto como sae o sol... O bo funcionamento do sistema natural pode ser mellorado en algúns casos con calefacción artificial suplementaria, con tubos calefactores, placas, radiadores, aparatos eléctricos de ar quente, lámparas infravermellas... pero é sobre todo o calor do sol quen ten a miña preferencia persoal porque compensa en moitos casos os inconvenientes de un illamento insuficiente da parte inferior do pombal. Un pombal sobre piares, no que o vento poda pasar por baixo libremente, require un illamento perfecto. Por efecto do vento, o chan vaise arrefriar non só no exterior, senón tamén polo interior, resultando que o chan vaise converter na cara máis fría do pombal. Pode ser que non recapitasen nunca sobre as consecuencias desta situación. Terano podido pensar cando poñen a refrescar unha botella de bo viño branco nun cubo cheo de xeo. ¿Non se decataron que o cubo rebe en canto o levan a un cuarto quente? Fórmase unha fina capa de vapor condensado e é seguro que vostedes non tiñan a impresión de que no voso comfortable cuarto había vapor de auga. Este fenómeno explicase polas leis da humidade relativa. É necesario que eu o recorde para que estean ben informados.

### **Humidade nefasta.**

Polo momento é suficiente comprender que o mesmo fenómeno ocorre sobre o chan do voso pombal. A superficie fría cóbrese dunha fina capa de bafo case que imperceptible.

En todo caso, isto é un factor desfavorable. Aínda que as pombas póusanse no chan e non o sofren directamente, o chan convértese nun medio de cultivo ideal para os fungos, as bacterias e, sobre todo, para os oocystos dos coccidios e para os ovos de vermes de todo tipo. Estes necesitan un lugar con unha forte humidade relativa para poder “madurar”. Agora hai que ter en conta que o tamaño dos oocystos e dos ovos de vermes son tan mínimas que precísase un importante aumento no microscopio para miralos. Incluso se vostede é un columbófilo moi coidadoso, que limpa o pombal e o chan dúas veces ao día, a presenza de restos de excrementos é un feito inevitable. É suficiente que haxa algunha pomba infectada (mesmo dun xeito latente, é dicir, sen

signos clínicos exteriores de enfermidade), para que o resto das pombas do pombal tamén se contaminen.

Así que, non se pode deixar de insistir bastante sobre a necesidade de tomar medidas preventivas radicais cando se ten que combater unha enfermidade parasitaria como a coccidiose ou coma a infección por vermes. E non dar máis que medicamentos é coma poñer cataplasmas de auga fría.

Na práctica, constatase que a maior parte dos grandes campións estiveron moi atentos a este tema.

Xa cara ao final dos anos sesenta, visitei a Louis Van Loon, en Poppel, non lonxe da fronteira holandesa. Louis Van Loon era neses intres, probablemente, o máis forte xogador de medio fondo da provincia de Anvers. Era un home silencioso que podía falar ben alto. E daquela confioume que el desinfectaba regularmente o chan dos seus pombais con un soprete de gas. Os baixos do seu pombal de xardín estaban completamente fechados. Oín a mesma historia en casa de outros reputados campións, incluso en casa dos raros columbófilos que aínda tiñan os seus pombais nos celeiros. O perigo de causar un incendio non era certamente imaxinario máis eran quén de tomar ese risco.

Antes de manipular o soprete é necesario reflexionar sobre as posibilidades de incendio! Dito sexa de pasada: os desinfectantes a base de cloro ou de iodo deteñen o crecemento de bacterias, virus e fungos pero non combaten a coccidiose nin os vermes porque tanto os oocystos coma os ovos están moi ben protexidos para non ser eliminados. Para iso hai produtos que atacan a súa cuberta graxa, pero son moi mal soportados polas pombas.

### **Mediodía ás 14 horas**

Pero non hai porqué complicar as cousas. Evitemos buscar o mediodía as dúas da tarde porque existen medios bastante sinxelos para desinfectar o pombal dun xeito razoable.

O meu fillo Marc non ten ningún problema cos coccidios ou cos vermes, probablemente porque interrompe o seu ciclo de maduración. El limpa o chan cunha rasqueta e logo pásalle un trapo ben retorcido que previamente empapa nun cubo de auga no que botara unha pequena cantidade de lixivia (unha culler sopeira nun caldeiro de 7 ou 8 litros). Limpa toda a superficie do pombal, sobre todo as esquinas, e incluso as veces tamén os niños en canto as pombas están fora.

Sobre todo, non esaxerar a dose de lixivia, non so por vós mesmos, senón tamén para non producirille irritacións ás pombas!.

Limpando o chan deste xeito elimínanse a maior parte das poeiras. A pega é que o chan queda lixeiramente húmido. Entón, Marc utiliza un soprete de gas, dos que utilizan, entre outros, os fontaneiros.

### **Vantaxe**

Seguramente non se lles escapa a vantaxe de este método. En efecto, se omitimos repasar cun pano húmido sobre todo nos recunchos, a poeira que se atopa no chan vai

ser posta en circulación polo impacto da chama do sobrete sen ser queimada e vostedes non conseguen entón o obxectivo buscado, que non é outro que a destrución dos oocystos, ovos e microbios. Créanme, eu son sensible ao po e xeralmente pñoime unha mascara, pero cando vou de visita atópoa moi molesta. Visitando aos mellores pombais, puiden constatar que non teñen poeiras.

Pode ser, dirán vostedes, que a utilización dun aspirador arranxe o problema. Teño, en cambio, que desilusionalos. As pequenas partículas do tamaño de microns pasan o filtro e poden ter un gran número de microorganismos que son postos novamente en circulación.

Se vostedes utilizan a aspiradora, fágano cando as pombas non estean dentro e completen a limpeza como describín máis arriba, repasando cun pano. Si vostede estiman que non hai riscos, sequen o chan co lume dun sobrete. Os seus queridos voadores volverán entón a un hábitat ben limpo e desinfectado.

A enerxía que se utiliza para combater os parasitos internos e os microbios de outro xeito, será entón aproveitada para poñer as pombas en mellores condicións.

## **CALEFACCION DO POMBAL**

### **Xeneralidades**

Cando, como lle pasa ao voso servidor, non se pode dar renda solta á súa fantasía de escribán, estase obrigado en meterse no rego. Así que é necesario deixar a comfortable cadeira para ir fisgar nos usos e costumes dos grandes campións.

Nunha primeira ollada é necesario admitir que non é de todo posible o deprender por un mesmo. Unha soa vida non che chegaría. Necesítase entón, na medida do posible, da experiencia dos outros.

Os columbófilos non tiñan unha venda nos ollos, e despois de moito tempo decatáronse que os panadeiros conseguían ter ás súas pombas en boa saúde máis facilmente e que os seus voadores metíanse rapidamente en forma cando os concursos. Xa no inicio da tempada facíanlle ver chiribitas aos seus competidores. Segundo algúns, iso era debido ao bo clima do pombal.

Sen querer poñer en dúbida o feito de que o excelente clima dun pombal situado a carón dun forno xoga un papel importante para o éxito, de tódolos xeitos é necesario dicir que aos panadeiros non había que buscalos, precisamente, entre os máis pobres. Sen dúbida ningunha que podíanse permitir gastar algúns billetes nunha boa pomba, e así dispoñían máis facilmente dunha clase extraordinaria.

Terédesvos dado de conta que teño escrito isto en pasado. Porque, en efecto, os vellos fornos, aqueles que eu coñecín de neno na casa do meu tío Charles, desapareceron e foron desprazados por unhas instalacións modernas ben illadas. Ademais, a evolución

dos pombais actuais é tal que unha calefacción artificial pode suplantar, máis ou menos, as vantaxes dos pombais de antano, construídos a carón dun forno.

## **Xeitos e sistemas**

O columbófilo asinado busca sempre estar un paso por diante da competencia. A inventiva non ten límites.

A finais dos anos cincuenta, xa tiña visto una batería de radiadores na casa de Valère Docker , en Moorsele, que servíalle para criar pombiños en pleno inverno. O trío Van Hove-Uytterhoeven en Putte-lez-Malines utiliza unha tubaría de calefacción eléctrica e unhas lámparas infravermellas das que non alumean. Na casa de Dene, en Leefdaal, puiden constatar que utiliza un calefactor de ar quente para mellorar o clima do seu pombal de viuvez.

Outros columbófilos, coma o gran campión de Flandres, Roger Vereecke, de Saint-Louis-Deerlijk, teñen conectados, simplemente, os radiadores coa calefacción central da súa casa.

O seu pai, Jérôme, que tiña no seu tempo unas ideas persoais avanzadas e posuía de medios para levalas a cabo, fixera construír unhas casetas a beira do seu cuarto.

No primeiro andar solo tiña os pombais. A ras do chan, había un cuarto no que funcionaba unha estufa cando coidaba preciso, é dicir, cando o tempo estaba húmido ou neboento. Estes pombais separados tiñan outras vantaxes. Jérôme coidaba que as pombas debíanse gardar no mesmo cuarto toda a súa carreira de concursante.

O campión courtraisino, Silvère Toye, que vive actualmente en Otagem, púidose dar de conta que non sempre resulta fácil mudar unha pomba en contra da súa vontade.

Para a súa mágoa, o seu as-pomba coñecida mundialmente, o Tarzan-boy, perdeu un ano completo da súa preciosa carreira a causa dun cambio de pombal.

O sistema de Jérôme Vereecke tiña unha outra considerable vantaxe. Quentando no momento oportuno embaixo dos pombais separados, o piso estaba sempre seco, pola contra, sen ter que poñer unha temperatura demasiado elevada no pombal. O seu fillo Roger tivera a idea de construír un bar situado ao lado do seu cuarto cunha fermosa terraza á entrada, en ángulo recto. Aproveitou para facer construír a carón desta construción uns magníficos pombais, por desgraza orientados ao suroeste. Para paliar o inconveniente de esta orientación, Roger, tivo a idea luminosa -pensou el- de facer instalar uns radiadores que estaban simplemente conectados ao circuíto da calefacción central da casa. Consecuencia: unha forma inutilmente precoz, e... uns resultados mediocres en plena temporada.

Roger confesoume: *“Tendo malos resultados, sobre todo porque non se pode perder de vista que a nos só nos interesa o xogo do fondo e grande fondo, e iso só cos machos, yearlings, dous anos e vellos. O xogo con femias e pombos novos non ten para nos ningún interese nin tampouco os resultados na velocidade nin no medio fondo.*

*Quen queira xa a gran forma en abril e maio para combater aos especialistas en velocidade e medio fondo teñen o risco de pagar as consecuencias en xullo e principios de agosto, porque a curva da forma está baixando nese momento. Fixen fechar os*

*radiadores ao ano seguinte. Para a miña desgraza, as billas non fechaban de todo e os radiadores quentaban aínda un chisco. Como tampouco quería iso, decidín coller o touro polos cornos e fixen levantar toda a instalación, tubos e radiadores incluídos.*

*No que a min me toca, non hai nin sombra de dúbida: o xogador de fondo e de gran fondo non necesita calefacción artificial. Incluso diría máis: Non se precisa incluso cando se teña o pombal orientado ao sueste. Eu teño pombais cunha situación ben diferente. E créanme, en pleno verán eu xogo tan ben nos pombais situados ao norte coma nos outros. É evidente que en abril e maio apenas fago algún premio en velocidade e medio fondo nos mesmos pombais”.*

### **Calefacción no chan**

*Gommaire Verbruggen díxome, hai moitos anos: “Os meus tellados están feitos con tellas, chamadas tellas de Boom. Para min esa é a ventilación ideal. Pero a neve ou mesmo a chuvia racheada penetra e molla o chan do pombal. Necesítase secalo regularmente coa axuda dun soprete de gas.*

*É un bo sistema en si mesmo porque o pombal límpase de cada vez e sobre todo porque os oocystos dos coccidios e os ovos dos vermes quedan ao mesmo tempo destruídos.*

*En cambio, isto esixe un enorme traballo e para ter o chan seco, fixen instalar un sistema de calefacción eléctrica polo chan. Para nada do mundo para quentalo senón unicamente para combater a humidade. Por suposto, deste xeito conséguese unha mellor climatización no pombal. Fágoa funcionar en caso de brétema, chuvia, etc... pero tamén unha hora antes da chegada das pombas nos concursos. Eu doulles sempre un baño quente aos meus viuvos pouco tempo despois da chegada e penso que o poder deixalos a secar nun clima máis clemente é incontestablemente unha vantaxe.*

*Cómo concibín e realicei esta calefacción? Coloquei sobre o chan unha lámina plástica que leva incorporada unhas resistencias eléctricas e que suxeito con listóns. Claro que é necesario estar atentos e non cravar sobre as resistencias pero como os fíos son ben visibles, pois non debería haber problemas. Botei area entre os listóns, e craveille un novo piso enriba”.*

### **Variante**

Jef Houben, o gran campión de Itegem, ten instalado igualmente unha calefacción polo chan. El retirou o piso vello para ter unha superficie máis lisa. Colocou unha prancha illante revestida de aluminio fixada con restreles, entre os que colocou unha folla calefactora de uns 60 cm. de largo. Entón colocou un novo piso sobre os listóns.

### **Vantaxes**

A calefacción polo chan ten as seguintes vantaxes:

- Mellora o clima no pombal.
- Chan seco que impide o desenvolvemento de enfermidades parasitarias como a coccidiose e os vermes.



- A diminución da humidade volve ás pombas menos sensibles ás enfermidades víricas e bacterianas. E o varolo tampouco se pode desenvolver ben cando o chan está ben seco
- En inverno, a calefacción polo chan impide a formación de xeo nos bebedeiros. Resulta recomendable poñer un poio baixo o bebedeiro.
- O ar máis quente a nivel do chan sube e ocasiona unha circulación apenas perceptible pero real que mellora a ventilación sen crear correntes de ar.
- A calefacción polo chan non ocasiona choques térmicos como ocorre cos radiadores a alta temperatura.

### **Advertencia**

Se non están vostedes ao corrente das normas de seguridade, consulten cun técnico.

(Traducido por P. Pereiro)

